



Concello de Meaño

BASES DE SELECCIÓN PARA A CONTRATACIÓN TEMPORAL DE PERSOAS DESEMPREGADAS. FOMENTO DO EMPREGO NO MEDIO RURAL APROL RURAL 2021.

OCUPACION: PEON FORESTAL

PRIMEIRA: Obxecto.

As presentes Bases regulan o procedemento selectivo para a contratación laboral temporal, mediante contrato de duración determinada de interese social, de 2 traballadores/as, destinados a prestar o servizo de “Limpeza para a prevención de incendios forestais” ó abeiro da Resolución de concesión da axuda concedida ao Concello de Meaño nº Expte: TR351G 2021/045-5-5, no marco da Orde do 12 de abril de 2021 da Consellería de Emprego e Igualdade, pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural - Aprox Rural 2021.

SEGUNDA: Características do contrato de traballo e retribucións

Perfil-Categoría profesional	Ocupación	Nº Persoas desempregadas a contratar	Duración dos contratos en meses	Xornada
Peón forestal	Peón forestal	2	9	100%

A natureza dos contratos será laboral temporal empregando, necesariamente, a modalidade de contrato de duración determinada coas cláusulas de interese social.

Os primeiros quince días de contrato de traballo, constitúen o período de proba.

As retribucións destes traballadores será a establecida no I Acuerdo Marco de Ámbito Estatal para o Sector de Actividades Forestais.

TERCEIRA: Procedemento de selección

De acordo co previsto no artigo 14 da Orde de 12 de abril de 2021 o Concello de Meaño remitirá unha oferta de emprego por cada categoría profesional solicitada á Oficina de Emprego de Cambados, a cal remitirá ao Concello de Meaño unha relación de candidatos preseleccionados pola mesma, sendo esta oficina a responsable de preseleccionar aos candidatos que cumpran os requisitos sinalados nas correspondentes ofertas.

Entendese que a selección previa de candidatos por parte da oficina de emprego de Cambados basease nos criterios de prioridade previstos no artigo 14 a Orde do 12 de abril de 2021 da Consellería de Emprego e Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para fomento de





Concello de Meaño

emprego no medio rural Aprox Rural 2021.

A oficina de emprego de Cambados remitirá comunicación os/as candidatos/as por ela preseleccionados na que se lles convocará para a realización do proceso de selección no Concello de Meaño.

As presentes bases estarán a disposición dos aspirantes na Casa do Concello de Meaño e na páxina web do Concello de Meaño (www.concellodemearno.com).

A data e a hora de realización das probas de selección será comunicada aos aspirantes no momento da súa convocatoria.

Os/as candidatos/as, preseleccionados/as pola oficina de emprego, interesados/as en participar no proceso selectivo convocado, deberán presentarse provistos de:


- Fotocopia do documento nacional de identidade ou a tarxeta acreditativa da súa identidade, expedida polas autoridades competentes no caso de cidadáns comunitarios.
- Copia do carnet de conducir tipo B.

CUARTA: Requisitos dos aspirantes

Para ser admitidos á realización das probas de selección os aspirantes deberán cumprir os seguintes requisitos xerais e específicos:

1.-Requisitos xerais:

- a) Ter a nacionalidade española, sen perxuízo do disposto no artigo 57 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, no que respecta ao acceso ao emprego público dos nacionais doutros estados.
- b) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas segundo o posto ao que se opte.
- c) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa. Só por lei poderá establecerse outra idade máxima, distinta da idade de xubilación forzosa, para o acceso ao emprego público.
- d) Non estar separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral, no que fose separado ou inhabilitado ou en situación equivalente nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.
- e) Ser desempregado/a, inscrito/as no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non





Concello de Meaño

ocupados e que estean dispoñibles para o emprego.

f) Estar en posesión do carnet de conducir tipo B,

g) Non ter sido contratados/as por un período igual ou superior a nove meses con cargo ás axudas concedidas no ano 2020 pola Consellería de Emprego e Igualdade no ámbito de colaboración coas entidades locais e coas entidades sen ánimo de lucro, en materia de políticas activas de emprego, para a contratación de persoas traballadoras desempregadas.

2.- Os aspirantes deberán posuír todos os requisitos esixidos no apartado anterior no momento de preselección polo servizo público de emprego, no da selección polo Concello e na data de formalización da súa contratación.

QUINTA: Selección dos aspirantes:

Establecese como sistema de selección o concurso-oposición en virtude da necesidade de que os/as candidatos/as amosen a súa idoneidade para o posto a cubrir.

Os aspirantes serán convocados nun chamamento único, sendo excluídos os que non comparezan, salvo causa de forza maior debidamente acreditada e apreciada polo Tribunal.

En calquera momento o Tribunal poderá requirir aos comparecentes para que acrediten a súa identidade.

Para este tipo de contratación, a selección constará de:

A) FASE DE OPOSICION:

Consistente nunha proba teórica/práctica, obrigatoria, eliminatoria e puntuable: máximo 10 puntos. Quedarán eliminados do proceso selectivo os aspirantes que non acaden a puntuación mínima esixida.

B) FASE CONCURSO : consistente na valoración de criterios persoais e de inclusión social, así como posesión de carnet de conducir C ate un máximo 4 puntos

FASE DE OPOSICION:

PROBA TEÓRICO/PRÁCTICA: obrigatoria e eliminatoria

Peón forestal:

A Proba Teórica ou práctica, segundo determine o tribunal consistirá na realización dun exercicio escrito ou práctico con preguntas relacionadas co posto de traballo e relacionadas co temario que figura como Anexo I . Este exercicio cualificarase entre 0 e 10 puntos sendo necesario acadar unha puntuación mínima de 5,00 puntos , para a superación do mesmo.





Concello de Meaño

FASE DE CONCURSO: ate un máximo 4,00 puntos: consistirá na valoración dos seguintes apartados:

A) Experiencia en postos de similares características á categoría profesional de que se trate: 0,05 puntos por cada mes traballado ate un máximo de 0,50 puntos.

Acreditarase mediante os datos obrantes no curriculum vitae remitido polo SEPE para cada aspirante.

B) Por cursos relacionados co posto de traballo:0,50 puntos.

Acreditarase mediante os datos obrantes no curriculum vitae remitido polo SEPE para cada aspirante.

C) Por estar en posesión do permiso de conducir clase C en vigor: 0,50 puntos. Acreditarase mediante os datos obrantes no curriculum vitae remitido polo SEPE para cada aspirante.

D) Criterios de inclusión social e circunstancias persoais: Ate 2,50 puntos:

Considerando o establecido no artigo 14 da Orde do 12 de abril de 2021, os “Requisitos e criterios para a selección dos traballadores e das traballadoras, indicando no punto 5: Terán preferencia, en todo caso, os colectivos con especiais dificultades de inserción laboral, e se for o caso, aqueles que teñan prevista a realización deste tipo de medidas no seu itinerario de inserción profesional, tales como:

- a) Mulleres, en especial, aquelas que acrediten a condición de vítimas de violencia de xénero.
- b) Menores de 30 anos, en especial, as persoas demandantes do primeiro emprego ou aquelas sen cualificación profesional.
- c) Persoas paradas de longa duración.
- d) Persoas con discapacidade.
- e) Persoas desempregadas que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego a que tivesen dereito.
- f) Persoas desempregadas maiores de 45 anos.
- g) Integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente persoas beneficiarias da renda de integración social de Galicia,

Criterios a valorar segundo declaración Anexo II:

- Mulleres0,50 puntos
- Mulleres que acrediten a condición de vítimas de violencia de xénero....0,50 puntos.
- Menores de 30 anos, en especial, as persoas demandantes do primeiro emprego ou aquelas sen cualificación profesional....0,50 puntos
- Persoas paradas de longa duración....0,50 puntos





Concello de Meaño

- Persoas con discapacidade..... 0,50 puntos
- Persoas desempregadas que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego a que tivesen dereito..... 0,50 puntos
- Persoas desempregadas maiores de 45 anos...0,50 puntos
- Integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente persoas beneficiarias da renda de integración social de Galicia.....0,50 puntos
- Nivel de rendas: Tras computar todos os ingresos da unidade familiar que consten na Declaración xurada que presente cada candidato/a ao posto de traballo, e dividirse entre o numero de persoas que forman a unidade de convivencia en computo mensual, aplicarase o seguinte baremo calculado sobre o importe do Salario Mínimo Interprofesional en vigor no ano 2020, ata un máximo de 0,40 puntos

INGRESOS MENSUAIS/ MEMBRO UNIDADE CONVIVENCIA (€)	PUNTOS
0,00	0,40
De 0 a 118,75	0,35
De 118,76 a 237,50	0,30
De 237,51 a 356,25	0,25
De 356,26 a 475,00	0,20
De 475,01 a 593,75	0,15
De 593,76 a 712,50	0,10
De 712,51 a 831,25	0,05
De 831,26 a 950,00 e mais de 950	0,00

- Existencia de cargas familiares, terán tal consideración todas as persoas integrantes na unidade de convivencia recollida na Declaración Xurada que presente cada candidato/a ao posto de traballo, que carezan de rendas, (entendéndose por estas ter a cargo da persoa traballadora desempregada





Concello de Meaño

que se contrata e sen que perciban ningún tipo de ingresos: fillos e fillas menores de vintecinco anos ou maiores con discapacidade, ou menores acollidos/as) puntuándose 0,10 por cada unha desas persoas, ata un máximo de 0.40 puntos. No caso de que da análise do nivel de rendas se infira que os ingresos medios por persoa da unidade de convivencia superen os 950,00 euros non se computaran cargas familiares.

A Puntuación Final virá dada pola suma das puntuacións obtidas na fase de oposición e de concurso.

No taboleiro de anuncios publicarase a relación de candidatos/as que superasen o proceso, as puntuacións finais obtidas, os candidatos propostos para a contratación, así como o prazo de achega de documentación precisa para a formalización dos contratos polos candidatos/as seleccionados/as.

O tribunal na acta incluírá unha relación de todos aqueles aspirantes que tendo superado o proceso selectivo non tivesen sido propostos para a súa contratación inicial, de xeito que a mesma sirva para aqueles supostos en que sexa preciso realizar unha nova contratación, no caso de que algún dos aspirantes inicialmente propostos para a súa contratación renunciase á mesma ou non acreditase estar en posesión dos requisitos esixidos, ou no caso de dimisión, etc.

SEXTA: Comisión de valoración-Tribunal.

Presidenta: Pilar Domínguez Panadero, traballadora social do Concello de Meaño; Suplente: Ana Alonso Robledo, Educadora familiar do Concello de Meaño

Secretaria: Maria Teresa Escudero Barral, Secretaria-interventora do Concello de Meaño; suplente: M^a del Mar Pereira García, técnico de xestión do Concello de Meaño.

Vocais:

- Isabel Amil Núñez, axente de emprego do Concello de Meaño.
 - Virginia Pintos Agís, operaria encargada de parques e xardíns do Concello de Meaño
 - Pastora Castro Lema, auxiliar administrativa de secretaría do Concello de Meaño .
- Suplente: José González Roma, operario encargado obras e servizos Concello de Meaño.

O Tribunal poderá solicitar a presenza con voz e sen voto de persoal cualificado, que actuará como asesor do mesmo.

A actuación do Tribunal rexerese polo disposto nas presentes bases e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do





Concello de Meaño

procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. Así mesmo, os interesados poderán recusar aos membros do Tribunal cualificador, no prazo de tres días naturais dende a publicación da súa composición, cando, ao seu xuízo, concorra neles algunha das circunstancias previstas no artigo 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

SÉTIMA: Proposta de contratación

Rematado o proceso selectivo, o Tribunal á vista das puntuacións finais formulará a relación de aspirantes en orde de maior a menor puntuación final, propoñendo ao Sr. Alcalde para a súa contratación ás dúas persoas que encabecen a relación do proceso selectivo.

No caso de quedar deserto ou incompleto o proceso selectivo, o Sr Alcalde queda autorizado a convocar novamente cantas veces fose necesario, remitindo ampliación de oferta de emprego ó Servizo Público de Emprego de conformidade coas presentes bases.


OITAVA: Protección Datos

De acordo co disposto na Regulamento General (UE) nº 2016/769 de Protección de Datos de 25 de maio, informámoslle que os datos de carácter persoal que se faciliten para a participación no presente proceso selectivo, incorporaranse nun ficheiro, cuxo responsable é o Concello de Meaño, con sede en Rúa Campo da Feira, 36968 Meaño-Pontevedra, onde poderá exercitar en todo momento os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e no seru caso, o de oposición dirixido á Alcaldía solicitude asinada por escrito xunto cunha fotocopia do seu DNI.

Mediante a participación no referido proceso, os titulares consenten o tratamento dos seus datos persoais coa finalidade de levar a cabo a selección de persoal, o rexistro de solicitudes de candidatos, a cualificación das probas e avaliación. Así mesmo, os participantes prestan o seu consentimento para que os seus datos persoais sexan comunicados mediante a súa exposición nos taboleiros de anuncios deste Concello aos efectos de dar a publicidade esixida ao procedemento de contratación, aos representantes dos traballadores si houbera, asi como aquelas cesións autorizadas nunha norma con rango de Lei.

NOVENA:

Os aspirantes propostos presentarán, no prazo que se estableza no anuncio de resultado do proceso de selección e





Concello de Meaño

proposta de contratación, a seguinte documentación para a súa contratación:

- Orixinal e fotocopia DNI
- Declaración xurada de non ter sido separado do servizo das administracións públicas e non estar incurso nalguna das causas de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente.
- Acreditación de ser desempleado e estar inscrito no Servicio Público de Emprego (tarxeta de demandante de emprego ou certificado do Servizo Publico de Emprego).
- Orixinal e fotocopia da tarxeta da Seguridade Social
- numero de conta bancario co código IBAN.
- Certificado ou informe médico acreditativo de non padecer enfermidade ou defecto físico que impida realizalas funcións propias a desenvolver.
- En caso de que se estime preciso, acreditación documental dos méritos alegados e tidos en conta para a selección.

ANEXO I- PEON FORESTAL

- 1.- Operacións básicas de mantemento de zonas verdes.
- 2.- Ferramentas manuais e maquinaria forestal: clases, utilización, manexo e mantemento das mesmas.
- 3.- Os traballos de roza de matorral, limpeza de cortalumes, eliminación de residuos vexetais e similares.
- 4.- Rozas, klareos, claras e podas, na prevención de incendios.
- 5.- Normativa en materia de prevención de riscos laborais. Equipos de protección individual

ANEXO II: DECLARACIÓN XURADA DE CRITERIOS DE INCLUSIÓN SOCIAL E CIRCUNSTANCIAS PERSOAIS PROCESO SELECTIVO APROL RURAL 2021

DON/A: _____

DNI/NIE: _____

ENDEREZO: _____

TELÉFONO/S DE CONTACTO: _____





Concello de Meaño

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:

1. QUE SON COÑECEDOR/A DE QUE ESTOU CONVOCADO/A DE FORMA OFICIAL A TRAVES DA OFICINA DE EMPREGO DE CAMBADOS ÁS PROBAS DE SELECCIÓN ESTABLECIDAS NAS BASES DE CONVOCATORIA.

2. QUE A UNIDADE FAMILIAR A QUE PERTENZO ESTÁ COMPOSTA POR _____ PERSOAS (indica o numero de membros).

NOME E APELIDOS	DATA NACEMENTO	PARENTESCO	INGRESOS / PROCEDENCIA

3. QUE Á DATA DE PRESENTACIÓN PERCIBO OS SEGUINTES INGRESOS MENSUALES, _____ Euros.

En concepto de: (marca a opción que corresponda):

- a) Prestación Servizo Público de Emprego (desemprego, RAI, axuda familiar...)
- b) Prestación Seguridade Social (discapacidade, orfandade, viudedade...)
- c) RISGA (renda de inserción social de Galicia)
- d) Outras Axudas (a vítimas de violencia de xénero, a emigrantes retornados, ...)

4.- Que me atopo na/s seguinte/s circunstancia/s (marcar o que proceda):

- Mulleres
- Mulleres que acrediten a condición de vítimas de violencia de xénero.
- Menores de 30 anos, en especial, as persoas demandantes do primeiro emprego ou aquelas sen





Concello de Meaño

cualificación profesional

- Persoas paradas de longa duración
- Persoas con discapacidade
- Persoas desempregadas que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego a que tivesen dereito
- Persoas desempregadas maiores de 45 anos
- Integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente persoas beneficiarias da renda de integración social de Galicia

5. Contratados/as por un período igual ou superior a nove meses con cargo ás axudas concedidas no ano 2020 pola Consellería de Economía, Emprego e Industria no ámbito de colaboración coas entidades locais e coas entidades sen ánimo de lucro, en materia de políticas activas de emprego, para a contratación de persoas traballadoras desempregadas: Si Non

6. Outra declaración:

Manifesto

que _____

Meaño, a _____, de _____, de 2021.

Asdo: _____

Nota: En relación con estas declaracións xuradas, cómpre subliñar que os/as candidatos/as:

- Autorizan expresamente ao Tribunal a solicitar, no seu caso, calquera documentación que considere oportuna para acreditar e/ou validar os datos contidos nesta declaración,
- Responsabilízase expresamente da veracidade de todos os datos que recolle a documentación aportada en xeral e, especificamente esta declaración, asumindo as posibles consecuencias derivadas da falsidade e/ou ocultación de información, podendo dar lugar a expulsión do proceso selectivo, a falsificación, ocultación ou inexactitude dos datos declarados.
- Comprométense de xeito expreso a comunicar ao Tribunal de forma inmediata e por escrito, calquera circunstancia específica de importancia para a valoración das cargas familiares e/ou o





Concello de Meaño

nivel de rendas dentro deste proceso selectivo.

- No caso de que este documento non sexa cuberto, non se valorarán nin as cargas familiares nin o nivel de rendas.

Os datos persoais que nos faciliten serán tratados para o proceso de selección realizado polo Concello de Meaño durante a duración do mesmo, baixo os requisitos do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación destes datos.

Neste sentido, informase que os seus datos persoais unicamente serán tratados para facerlle partícipe do proceso de selección de persoal realizado polo CONCELLO DE MEAÑO levando a cabo unha análise do perfil do solicitante co obxectivo de seleccionar ao mellor candidato para a posto vacante. Non se realizarán cesións de datos a terceiros nin transferencias internacionais de datos.

Poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión e oposición, limitación do tratamento e portabilidade de datos dirixíndose por escrito e achegando o seu DNI, á seguinte dirección CONCELLO DE MEAÑO Rúa Campo dá Feira nº1, CP 36968, Meaño (Pontevedra) ou ben ao seguinte correo electrónico concellodemearno@concellodemearno.com.

A base xurídica deste tratamento é o teu consentimento, por tanto, no caso de que non esteas conforme con este tratamento non o poderemos incluír no proceso de selección obxecto desta convocatoria.

En Meaño , O Alcalde, Carlos Vieitez Fernández

DOCUMENTO DATADO E ASINADO DIXITALMENTE

